



## CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA A PROMOCIÓN MEDIANTE CONCURSO DE CONTRATADOS/AS INTERINOS/AS DE SUBSTITUCIÓN E ASOCIADOS/AS A AXUDANTES DOUTORES/AS NO CURSO ACADÉMICO 2017/18

### Aprobado no Consello de Goberno do 31 de maio de 2017

O procedemento para a elaboración do POD 2017/18, aprobado en Consello de Goberno do 27 de abril de 2017, establece no seu punto 1.1.6 que se manterá o programa para reducir o número de Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución (CIS) e Asociados/as que contén cunha acreditación da ACSUG ou ANECA, e a súa transformación mediante concurso en Profesores/as Axudantes Doutores/as.

Co fin de levar a cabo ese programa, establécense as seguintes normas:

1. Só se atenderán as solicitudes dos departamentos nas que, unha vez aprobado o POD para o curso académico 2017/18, se cumpra que:
  - o A diferenza entre necesidade e capacidade docente da área supere as 320 horas.
  - o A estes efectos enténdese por:
    - Necesidade: Horas encargadas á área de coñecemento no POD do curso académico 2017/18
    - Capacidade: Suma dos seguintes compoñentes:
      - A.- Capacidade docente neta do profesorado permanente (incluído o PDI con reserva de posto de traballo)
      - B.- Capacidade docente neta do profesorado con compromiso de estabilización. A estes efectos a capacidade inicial deste profesorado será 240 horas
      - C.- Capacidade do profesorado asociado T1 (docencia clínica)
      - X.- Horas de redución por cargo recollidas no apartado 3.1 da normativa de dedicación do PDI
      - S.- Horas de redución por representación sindical recollidas no apartado 3.2 da normativa de dedicación do PDI
      - O incremento na capacidade docente producido polos apartados X e S non poderá dar lugar a un aumento na capacidade docente neta que cada profesor/a tería no caso de non ter esas horas de redución
2. Deberán contar coa acreditación a Axudante Doutor/a ou superior a 1/1/2017<sup>1</sup>.
3. Convocarase só unha praza de Axudante Doutor por área de coñecemento agás no caso de que a diferenza entre necesidades e capacidade iguale o resultado de multiplicar o número de prazas por 320.
4. Poderán transformarse nun principio 10 prazas de CIS e Asociados/as. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, estas ordenaranse segundo os seguintes criterios:

---

<sup>1</sup> Tomarase como referencia a data da resolución de avaliación positiva asinada polo presidente da CGIACA no caso de acreditación pola ACSUG ou a data de efectos que se recolle na resolución do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no caso de acreditación pola ANECA. No caso de acreditación a Titular de Universidade tomarase como referencia a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consejo de Universidades



- a. Terán prioridade as áreas que presenten acreditados/as a Titular de Universidade. En segundo lugar as áreas que contén con acreditados/as a Profesor/a Contratado/a Doutor/a. Por último, as áreas nas que se presenten acreditados a Axudante doutor/a.
  - b. No caso de empate no criterio anterior terá preferencia a área con maior diferenza entre necesidades e capacidade segundo o determinado no punto 1.
5. Estas transformacións supoñen o compromiso dos departamentos de asumir 300 horas de encargo docente no curso académico 2017/18 e en ningún caso poderán xustificarse para a contratación de novo profesorado.

### **Disposición adicional primeira**

En función das actualizacións nas limitacións na taxa de reposición que poidan establecerse na Lei de orzamentos do Estado, poderase incrementar o número de prazas de Axudante Doutor/a a cargo deste programa.

### **Disposición adicional segunda**

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente encargárase de elaborar a prelación de prazas, para isto poderá requirir a información que precise das persoas e departamentos afectados e dos servizos da UDC.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todos os departamentos da universidade o resultado da prelación, da que dará conta aos Representantes dos/as traballadores/as e ao Consello de Goberno.

A Coruña, 31 de maio de 2017